

**Dionísio PEREIRA: *Galegos nas guerras do Rif: paisaxe bélica e imaxinario anticolonial (1860-1927)*. A Coruña: Instituto Galego de Historia, 2016. 101 pp.**

Galiza no espello rifeño.

Un país amosa o que é tanto nas súas formas de expresión colectiva como no seu relacionamento co resto do mundo; neste sentido, resulta enormemente estimulante o estudo do protagonismo galego nas guerras do Rif e o exercicio de análise das distintas sensibilidades existentes na sociedade galega para coa loita anticolonial que o pobo rifeño desenvolveu entre os séculos XIX e XX. E é esta a tarefa que Dionísio Pereira nos propón en *Galegos nas guerras do Rif*, un traballo recentemente editado polo Instituto Galego de Historia e a revista *Murguía*, na súa colección de Monografías.

Malia que non existe na Galiza unha creación literaria parella ao *Ciclo de Annual* da literatura española, representado polas novelas de Ramón J. Sender (*Imán*), Arturo Barea (*La forja de un rebelde*) e José Díaz Fernández (*El bloqueo*), Pereira coloca no centro da súa análise as crónicas xornalísticas da súa experiencia bélica publicadas por Valentín Paz Andrade, Xosé Ramón Fernández Oxea «Ben-Cho-Shey» e Manuel Mesejo Campos «Fray Antón de Laiño», principalmente en xornais galegos como *Faro de Vigo*, *Progreso* (de Pontevedra), *La Zarpa* (Ourense) ou *Galicia* (Vigo). Valentín Paz Andrade, Ben-Cho-Shey e Manuel Mesejo foron alistados no exército español cando xa tiñan unha traxectoria política, implicados en actividades galeguistas e, polo tanto, representaban unha visión inicialmente crítica co militarismo colonial español predominante na época.

O escepticismo diante do imperialismo español conectaba co arraigado sentimento popular refractario ao recrutamento militar existente na Galiza, que fixo que ano tras ano a porcentaxe de prófugos galegos (que chegou ata preto do 40 por cento dos chamados a filas) fora notablemente superior á media estatal. Nese caldo de cultivo déranse situacións que foron dende a incorporación de moitos galegos á loita independentista en Cuba ata a participación dalgúns galegos na resistencia ao embarque para a guerra de África, como foi o caso do Cabo José Sánchez Barros, condenado á pena de morte (logo conmutada) pola súa implicación nunha sublevación no porto de Málaga en 1923. Por outra parte, aquela oposición popular ao recrutamento foi tamén bandeira para movementos sociais como o socialismo ou o anarquismo, que estiveron tras da protesta organizada contra as guerras coloniais.

Foi nese contexto no cal aqueles tres mozos galegos foron recrutados e participaron nos combates que no norte de África enfrontaban ao exército español e aos rifeños que loitaban pola súa independencia, na década dos anos 20. As súas crónicas dende a fronte de batalla foron críticas coa guerra colonial (tanto como o podían ser para non xerar problemas legais

aos seus autores) e estaban ademáis enchoupadas de galeguismo, reflectindo tanto a presenza galega na guerra de África como a añoranza do país abandonado de xeito forzoso. Mais a súa visión crítica do conflito colonial non chegou ao punto de superar as trincheiras nas que estaban colocados, escaseando a cumplicidade cos loitadores rifeños, considerados no papel de inimigos deshumanizados no que foran colocados pola propaganda española. Nin tampouco puido evitar que consideracións racistas e prexuízosas sobre aquel inimigo se abrisen camiño nalgunhas das súas colaboracións xornalísticas.

Non está de mais lembrar que os prexuízos contra os pobos norteafricanos constituían parte do arsenal despregado para xustificar o colonialismo naquel espazo xeográfico. Agachábase dese xeito o expolio económico baixo xustificacións supostamente civilizatorias dos pobos indíxenas, pois estes estarían pouco preparados para constituír unha sociedade organizada baixo o patrón dos modelos occidentais. No marco da guerra civil española, a incompreensión do problema colonial en Marrocos impediu movementos estratéxicos como os propostos dende algúns cadros da CNT para a negociación coas organizacións políticas norteafricanas no sentido de iniciar un proceso de autonomía en Marrocos que abrise unha nova fronte ao exército sublevado; unha estratexia que foi obstaculizada tamén polas implicacións que a independencia de Marrocos tería con respecto ao goberno francés.

O obxectivo confeso do libro é o de resgatar da súa invisibilidade aos galegos como colectivo diferenciado entre as tropas coloniais, e aos rifeños como pobo combatente pola súa cultura e a súa liberdade colectiva. Ao cabo, Pereira amosa pola súa parte unha outra sensibilidade sobre aquel conflito bélico, dende a constatación do esquecemento ou da visión deformada dos combatentes rifeños e da súa loita. A empatía coa poboación civil e cos loitadores anticoloniais foi moi escasa entre os combatentes no exército español e na opinión pública, mesmo nos citados xornalistas galegos; tan só salienta o autor a voz independente e radical de Manoel Antonio que expresou (privadamente, na súa correspondencia con Rafael Dieste, combatente daquela nas tropas españolas) o seu apoio aos rebeldes rifeños dende unha postura nidamente nacionalista e anticolonial.

Dende unha perspectiva de superación de clichés e prexuízos racistas, eu engadiría que o propio libro de D. Pereira representa á súa vez unha chamada de atención no que atinxe á posibilidade de atopar referentes internacionais alternativos para o nacionalismo galego, fóra das clásicas visións sobre Irlanda, Polonia, Catalunya ou Euzkadi como pobos irmaos. Este libro suxire unha perspectiva que engade ao feito da reivindicación cultural unha perspectiva anticolonial, e que dalgún xeito vencella a loita de clases coa defensa da identidade e da propia cultura. Fóra dos camiños trillados, agrádese moito a lectura deste traballo por abrir portas a novos camiños e reflexións e por desvendar a riqueza de pobos e loitas que moito tempo antes debimos coñecer.

Eliseo FERNÁNDEZ